

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

Tras constituírse a nova Corporación 2023-2027, en sesión plenaria extraordinaria de organización e funcionamento, acordouse establecer a periodicidade das sesións ordinarias:

“O Pleno do Concello de Valdoviño celebrará sesión ordinaria, con periodicidade mensual, o PRIMER XOVES DE CADA MES ÁS 20:00 HORAS. No caso de que coincida en festivo trasladarase ao XOVES hábil seguinte”.

Figurando tamén no acordo que *“No mes de xullo e agosto se decidirá a data, en función das necesidades dos servizos”.*

Vista a existencia de asuntos varios concluídos posta a disposición desta Alcaldía e que no día catro de abril celebrárase sesión extraordinaria de comisión informativa para estudo e ditame de ditos asuntos, e tendo as sesións ordinarias carácter mensual, e emitido o decreto de convocatoria de data 01.04.2024,

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF),

CONVOCO sesión ORDINARIA do Pleno da Corporación que se celebrará **no Salón de Sesións** da Casa do Concello o vindeiro XOVES, día **4 de ABRIL/2024 ás 20 HORAS,** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados na Orde do Día.

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior: 07.03.2024 (ordinaria)

2º.- Aprobación do requerimento de solicitude de financiamento de gastos sociais extraordinarios POS + Adicional 1/2024 (solicitude específica de gasto corrente).-

3º.- Moción PP: “Moción para os concellos sobre a normativa respecto dos galiñeiros de autoconsumo”.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de marzo de 2024.

5º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregarase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE